

Guía de dereitos laborais no embarazo e a lactación



REFERENCIAS LEXISLATIVAS E ACLARACIÓNS

A REFERENCIA Á LEI 2/2015 É:

LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A REFERENCIA Á ORDE 29/01/16 É:

ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A REFERENCIA Á ORDE 24/02/2016 É:

ORDE do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Equiparación de unións de feito

En todo o relativo a permisos e licenzas, equipárase a unión de feito ao matrimonio e o convivente ao cónxuxe, se se produciu a inscrición nun rexistro oficial de parellas de feito.

✻ Toda referencia á data de nacemento é equiparable á da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola cal se constituía a adopción

Permisos

1.º TRATAMENTOS DE FECUNDACIÓN ASISTIDA

- **Permiso retribuído** para a realización de tratamentos de fecundación asistida, polo tempo necesario.
- É preciso xustificar previamente a necesidade de realizalo dentro da xornada de traballo.
- Se a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento o xustifica, a duración do permiso será de dous días hábiles.
- O persoal funcionario ten o mesmo dereito e nas mesmas condicións para acompañar o seu cónxuxe ou parella de feito a tratamentos de fecundación asistida.

Referencia legislativa:

- Artigo 115 da Lei 2/2015
- Artigo 10 da Orde 29/01/16

2.º PERMISO PARA EXAMES PRENATAIS E TÉCNICAS DE PREPARACIÓN AO PARTO

Permiso retribuído que abrangue:

- Asistencia aos exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polo tempo necesario.
- Asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, polo tempo necesario para a súa práctica e logo de xustificar a necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo (nos casos de adopción ou acollemento ou garda con fins de adopción).
- En todos os casos, pode usalo tamén o cónxuxe ou parella de feito.
- É necesario xustificar a necesidade de facelos durante a xornada laboral.

Referencia legislativa:

- Artigo 114 da Lei 2/2015
- Artigo 9 da Orde 29/01/16

3.º PERMISO PARA A SITUACIÓN DE ESTADO DE XESTACIÓN

- **Permiso retribuído** a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo e ata a data do parto.
- No suposto de xestación múltiple, este permiso poderase iniciar o primeiro día da semana 35 de embarazo e ata a data do parto.
- É acumulable ao permiso por parto.

Referencia lexislativa:

- Artigo 17 bis da Orde 29/01/16, modificada pola ORDE do 24/02/16

4.º PERMISO POR PARTO

- **Permiso retribuído** dunha duración de **18 semanas ininterrompidas**, que se distribuirán á elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.
- Amplíase o permiso nos seguintes casos:
 - a) Discapacidade do fillo/a:** dúas semanas máis.
 - b) Partos múltiples:** dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do segundo/a.
 - c) Partos prematuros e nos que o neonato deba ficar hospitalizado a continuación do parto ou dentro dos 30 días despois do parto:** tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.
- Este permiso poderase gozar a tempo total ou parcial, en réxime de media ou un terzo da xornada. Pódese combinar unha parte do permiso a tempo total con outra a tempo parcial. O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio deste como nun momento posterior.

- Cando os dous proxenitores traballen, este permiso poden gozalo de forma simultánea ou sucesiva a nai e o pai. **As seis primeiras semanas posteriores ao parto son de descanso obrigatorio da nai.**
- A opción exercida pola nai poderá revogala ela mesma, se sobreviñeren feitos que fagan inviable a súa aplicación: ausencia, enfermidade ou accidente do pai, abandono de familia, separación...
- Se falecese a nai, o permiso corresponderalle ao outro proxenitor e, de ser o caso, descontarase o tempo de permiso consumido pola nai falecida.
- Durante o gozo deste permiso poderá participar nos cursos de formación que convoque a Administración.
- **Xérase dereito a gozar o permiso de baixa por maternidade en caso de falecemento do neonato ou de que o embarazo non sexa a termo, sempre que a xestación sexa igual ou superior a 180 días.**

Referencia legislativa:

- Artigo 121 da Lei 2/2015
- Artigo 17 da Orde 29/01/16

5.º PERMISO POR ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

- **Permiso retribuído** dunha duración de **18 semanas ininterrompidas**, que se distribuirán a elección da persoa titular do dereito en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción ou a efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.
- Amplíase o permiso nos seguintes casos:
 - a) Discapacidade do/da menor adoptado/a:** dúas semanas máis.
 - b) Adopción múltiple:** dúas semanas máis por cada fillo/a en adopción a partir do segundo/a.
- Este permiso poderase gozar a tempo total ou parcial, en réxime de media ou un terzo da xornada. Pódese combinar unha parte do permiso a tempo total con outra a tempo parcial. O gozo do permiso a tempo parcial poderase solicitar tanto ao inicio deste como nun momento posterior.
- Cando os dous proxenitores traballen, este permiso poden gozalo de forma simultánea ou sucesiva a nai e o pai.
- En adopcións ou acollemento internacionais pode iniciarse o permiso catro semanas antes da resolución da adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.
- Se for necesario o desprazamento previo para unha adopción ou acollemento internacionais, o permiso será de ata tres meses de duración, enteiros ou fraccionados. Este período será retribuído unicamente coas retribucións básicas.

Referencia legislativa:

- Artigo 122 da Lei 2/2015
- Artigo 18 da Orde 29/01/16

6.º PERMISO DE LACTACIÓN POR FILLO/A MENOR DE 12 MESES

- É un **permiso retribuído**.
- A duración do permiso é de catro semanas ou 150 horas, que **deben gozarse antes de que o menor cumpra 12 meses**.
- Distribución das catro semanas (150 horas):
 - Acumuladas total ou parcialmente en xornadas completas e usadas en calquera momento despois da fin do permiso por parto, adopción ou acollemento. No caso de xornadas completas, tenderase a que sexan como mínimo períodos de dúas semanas.
 - Dereito a ausentarse unha hora diaria de traballo ao inicio ou ao final da xornada. Pódese fraccionar, usando media hora ao inicio da xornada e a outra media ao final da xornada.
- En caso de non optar pola acumulación, e se hai conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, a hora de ausencia terase que gozar no horario complementario fixo.
- Cando os dous proxenitores traballen, o dereito ao permiso por lactación pode exercelo indistintamente calquera deles ou ratearse a súa duración.
- Nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos/as.
- O persoal substituto pode acumular a hora de lactación e a gozar os días, en proporción aos servizos prestados, desde que remate o permiso por parto, adopción ou acollemento ata que finalice o curso escolar ou o fillo ou filla faga os 12 meses.

Referencia lexislativa:

- Artigo 112 da Lei 2/2015
- Artigo 7 da Orde 29/01/16

7.º PERMISO DO OUTRO PROXENITOR POR NACEMENTO, ACOLLEMENTO OU ADOPCIÓN DUN FILLO/A

- **Permiso retribuído de 29 días naturais ininterrompidos.** Nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso incrementarase nunha semana máis (36 días).
- O proxenitor que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento pode usar este permiso xusto a continuación, nos seguintes supostos:
 - Cando a persoa titular do dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso.
 - Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.
 - Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á persoa que estea a gozar da garda do fillo ou da filla.
- Se os dous proxenitores fosen persoal da Administración pública galega, o permiso poderano gozar de forma simultánea ou sucesiva, sempre en períodos ininterrompidos.
- O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción ou acollemento.
- Durante o gozo deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.
- Cando todo ou parte deste permiso coincida no mes de agosto, poderase gozar dos días correspondentes ás vacacións ao rematar o permiso, xa que neste caso non se consideran gozadas no mes de xullo.

Referencia legislativa:

- Artigo 124 da Lei 2/2015
- Artigos 19 e 29 da Orde 29/01/16

8.º PERMISO POR NACEMENTO DE FILLOS/AS PREMATUROS/AS OU QUE POR CALQUERA CAUSA DEBAN PERMANECER HOSPITALIZADOS A CONTINUACIÓN DO PARTO

- Dereito a ausentarse do posto de traballo un máximo de dúas horas diarias, mentres dure o período de hospitalización coa **percepción ÍNTEGRA das súas retribucións**.
- **Dereito compatible co anterior**, a unha redución por horas completas da xornada de traballo diaria, de ata un máximo de dúas horas, coa **diminución proporcional das retribucións**. Este dereito pode manterse a partir da alta hospitalaria mentres o fillo/a prematuro/a necesite coidados, polo tempo que determine o informe médico.
- Se hai conflito entre os dereitos do alumnado e do profesorado, as horas de ausencia teranse que gozar no horario complementario fixo.
- Para estes efectos, teranse en conta os internamentos hospitalarios iniciados durante os trinta días naturais seguintes ao do parto.

Referencia legislativa:

- Artigo 113 da Lei 2/2015
- Artigo 8 da Orde 29/01/16

9.º PERMISO PARA ACOMPAÑAMENTO A CONSULTAS MÉDICAS INCLUÍDAS NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO E POR DEBER INESCUSABLE

- **Permiso retribuído.**
- Duración: o tempo necesario
- Necesítase xustificación de asistencia.
- Causa do dereito:
 - Acompañamento a consultas médicas do fillo/a menor de idade.
 - Acompañamento de fillos/as maiores de idade, sempre e cando se acredite que padecen limitacións físicas ou psíquicas que lles impiden asistir sós.
 - Acompañamento para probas diagnósticas con dificultade ou por consello médico.
 - Deberes de carácter inescusable, como asistencia ás titorías no centro escolar dos fillos/as ou menores ao seu cargo (**recollido no artigo 14, apartado 6b da Orde 29/01/16**)

Referencia legislativa:

- Artigo 113 da Lei 2/2015
- Artigo 8 da Orde 29/01/16

Licenzas

RISCO DURANTE O EMBARAZO OU DURANTE O PERÍODO DE LACTACIÓN NATURAL

- **Licenza retribuída integramente.**
- Cando non se elimina o risco, por non ser posible o cambio de posto ou funcións así como das condicións de traballo, a funcionaria embarazada poderá gozar dunha licenza polo **tempo necesario**.
- Aplícase a mesma licenza no caso de lactación natural.

Referencia lexislativa:

- Artigo 126 da Lei 2/2015
- Artigo 25 da Orde 29/01/16

HOSPITALIZACIÓN PROLONGADA

- **Licenza sen retribución.**
- Para casos de hospitalización prolongada (fillos/as) por enfermidade grave ou que implique repouso domiciliario, pódese gozar dunha licenza de **ata un mes de duración**.

Referencia lexislativa:

- Artigo 131 da Lei 2/2015
- Artigo 28 da Orde 29/01/16

Excedencia

COIDADADO DE FILLOS/AS

– Excedencia non retribuída.

- A duración da excedencia é dun máximo de tres anos. O tempo empeza a contar dende a data de nacemento ou, en caso de adopción ou acollemento, da efectividade da resolución xudicial ou administrativa.
- Os/as fillos/as maiores de 3 anos que non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen actividade retribuída tamén xeran o dereito a esta excedencia.
- Pode gozarse de forma fraccionada.
- Cando concorren dúas persoas no exercicio deste dereito polo mesmo feito causante, a Administración pode limitar o seu exercicio simultáneo.
- Poderanse desempeñar outras actividades retribuídas suxeitas a autorización previa e cumprimento da normativa de incompatibilidade.
- Pódese participar en cursos de formación.
- Reserva do posto de traballo:
 - O persoal interino ten dereito á reserva do posto mentres non sexa cesado.
 - Ao persoal provisional manteráselle o posto mentres dure o seu nomeamento.
 - O persoal definitivo gozará da reserva do seu posto.
- O tempo en excedencia compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no seu réxime de seguridade social.

Referencia legislativa:

- Artigo 176 da Lei 2/2015
- Artigo 89.4 da Lei 7/2007 do EBEP

Reducións de xornada

COIDADO DE FILLO/A

- **Retribuída integramente.**
- Duración dun mes (excepcionalmente dous meses en casos de extrema gravidade). En períodos mínimos de sete días.
- Redución máxima da metade da xornada.
- Causa do dereito: enfermidade moi grave.
- Se hai máis dun titular deste dereito, poderase ratear o tempo entre esas persoas.

Referencia lexislativa:

- Artigo 106.1.a da Lei 2/2015
- Artigo 30.1 da Lei 7/2007 do EBEP

GARDA LEGAL POR FILLOS/AS MENORES DE 12 ANOS

- **Retribuída con redución proporcional de haberes.**
- Redución dun terzo á metade da xornada laboral.
- A redución de xornada será proporcional entre horario lectivo e o complementario fixo semanal de permanencia no centro.
- Pode eximir da obriga de impartir docencia algún/s día/s da semana,
- Esta redución pode acumularse co permiso de lactación.
- Cando os períodos de redución de xornada se producen por un tempo igual ou superior a un ano, ten repercusión no cálculo da pensión: o haber regulador, que se utiliza para o cálculo da pensión, verase minorado na mesma proporción que as retribucións percibidas en activo.

Referencia lexislativa:

- Artigo 106.2.a da Lei 2/2015
- Artigo 30.4 do RDL 670/87
- Artigo 32 da Orde 29/01/16

COIDADADO DE FILLO/A MENOR AFECTADO/A POR CANCRO OU OUTRA ENFERMIDADE GRAVE

- **Retribuída íntegramente.**
- Duración: o tempo que dure a hospitalización, incluída a hospitalización a domicilio e, como máximo, ata que o menor faga os 18 anos.
- Redución mínima da metade da xornada.
- Causa do dereito: cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo continuo e permanente acreditado polo informe do servizo de saúde correspondente.
- Requisito: que ambos os proxenitores traballen.
- Cando concorren ao mesmo dereito ambos os proxenitores, só un deles poderá exercelo con retribucións íntegras

Referencia lexislativa:

- Artigo 106.1.b da Lei 2/2015
- Artigo 30.2 da Lei 7/2007 do EBEP

Efectos derivados da situación de maternidade en prestacións sociais

Recoñecemento de días por parto como tempo cotizado/servizos para os efectos de xubilación e incapacidade permanente

- Tempo recoñecido: ata **112 días por cada parto dun só fillo/a**. No caso de parto múltiple, 14 días máis por cada fillo/a a partir do segundo.
- Requisito: non ter cotizado durante o período de permiso por parto.

Referencia lexislativa:

- Artigo 235 do RDL 8/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social

* ESTE DEREITO RECOÑÉCESE EN CLASES PASIVAS, MEDIANTE A APLICACIÓN DO RD 691/91 DO 12 DE ABRIL, SOBRE CÓMPUTO RECÍPROCO DE COTAS ENTRE RÉXIMES DE SEGURIDADE SOCIAL

Dedución por maternidade

Ámbito estatal

- Beneficiarios: nais traballadoras con alta nalgún réxime de seguridade social ou mutualidade e con fillos/as menores de 3 anos. No caso de adopción ou acollemento, os tres anos posteriores á inscrición da adopción ou acollemento no rexistro civil ou a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- A contía de **1200 euros anuais** pódese percibir de dúas formas:
 - Transferencia bancaria de 100 euros ao mes por cada fillo/a.
 - Dedución de 1200 euros na declaración do IRPF.

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Recoñecemento de períodos por coidado de fillos/as menores como tempo cotizado/servizos

- Tempo recoñecido: **ata 270 días por fillo/a ou menor adoptado ou acollido** a partir do 2019. (No 2017, 217 días e no 2018, 243 días).
- Requisito: **interrupción** da cotización por extinción de relación laboral ou finalización do cobramento de prestacións por desemprego. É imprescindible que estas circunstancias se producisen entre os nove meses anteriores ao nacemento (ou tres meses anteriores á adopción ou acollemento) e a finalización do sexto ano posterior a esa situación. Este beneficio pode recoñecerse a calquera dos proxenitores. En caso de controversia, o dereito teno a nai.
- Este recoñecemento está limitado a un máximo de cinco anos por beneficiario. Esta limitación aplícase tamén cando concorra co beneficio de ata tres anos por excedencia en razón do coidado de cada fillo/a ou menor.

Referencia legislativa:

- Artigo 236 do RDL 8/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social

* ESTE DEREITO RECOÑÉCESE EN CLASES PASIVAS, MEDIANTE A APLICACIÓN DO RD 691/91 DO 12 DE ABRIL, SOBRE CÓMPUTO RECÍPROCO DE COTAS ENTRE RÉXIMES DE SEGURIDADE SOCIAL.

Complemento por maternidade nas pensións de clases pasivas

- Recoñecerase un complemento sobre a pensión a todas as mulleres que tiveren dous ou máis fillos/as naturais ou adoptados e sexan beneficiarias de **pensións de xubilación de carácter forzoso ou por incapacidade permanente ou de viuvez:**

No caso de 2 fillos/as: 5 %

No caso de 3 fillos/as: 10 %

No caso de 4 ou máis fillos/as: 15 %

Referencia legislativa:

- Disposición adicional 18.^a do RDL 670/1987, do 30 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de clases pasivas do estado.

Prestacións e outras axudas

Prestación económica por parto ou adopción múltiple

Pagamento único da Seguridade Social (ámbito estatal) para compensar o aumento de gastos producido polo incremento de persoas na familia. Se algún dos fillos/as nace cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %, computa o dobre.

N.º de fillos/as nados	N.º de veces do importe mensual do SMI
2	4
3	8
4 e máis	12

Esta prestación é compatible con:

- Prestación por nacemento ou adopción do terceiro ou sucesivos fillos.
- Subsidio especial de maternidade por parto múltiple.
- Asignacións económicas por fillo ou filla a cargo.
- Pensións de orfandade que, se for o caso, poida corresponder.

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Prestación económica por nacemento ou adopción de fillos/as, en supostos de familias numerosas, monoparentais e en casos de nais con discapacidade

Ámbito estatal

Serán causantes os fillos/as nados ou adoptados a partir do 16-11-2007

- nunha familia numerosa ou que, con tal motivo, adquira a dita condición,
- nunha familia monoparental
- nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65 %

O/a menor ten que convivir e depender economicamente das persoas beneficiarias e estas teñen que residir legalmente en territorio español.

A contía da prestación é de 1000 euros, aboada en pagamento único.

Esta prestación está condicionada polo límite de ingresos familiar que se establece anualmente.

Esta axuda é compatible con:

- Prestación por parto ou adopción múltiple causada polo mesmo suxeito.
- Subsidio especial de maternidade por parto múltiple.
- Asignacións económicas por fillo/a ou menor a cargo.
- Pensións de orfandade que, se for o caso, poida corresponder.
- Calquera outra axuda análoga concedida pola Administración local ou autonómica.

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Prestación económica por fillo/a ou menor a cargo en réxime de acollemento familiar permanente ou garda con fins de adopción

Ámbito estatal

- Duración: **ata os 18 anos**
- Contía: 291,00 euros anuais (24,25 euros mensuais).
- No caso de que o fillo ou filla menor a cargo teña unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %, a prestación é de 1000 euros anuais.
- No caso de fillos/as maiores de 18 anos con discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía é de 367 euros mensuais.
- Para fillos/as maiores de 18 anos e cunha discapacidade igual ou superior ao 75 % ou con necesidade de axuda doutra persoa para realizar os actos vitais máis elementais como vestirse, desprazarse, comer ou análogos, a contía é de 551,90 euros mensuais.
- Existe requisito de límite de ingresos que se establecen anualmente.
- En todos os casos de discapacidade non se require límite de ingresos.

Referencia lexislativa:

- Artigo 236 do RDL 8/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Cheque bebé (axuda tarxeta benvida)

Ámbito autonómico

- Axuda económica para as familias que teñan un fillo/a ou adopten un neno ou nena menor dun ano. A axuda farase efectiva a través da tarxeta benvida. Esta tarxeta só poderá utilizarse en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación.
- Contía: 1200 euros anuais a razón de **100 euros mensuais** durante o primeiro ano de vida do fillo/a. No caso de adopción, o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se constituía a adopción e ata que o neno ou nena faga un ano.
- Requisitos:
 - Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia.
 - Que a renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do IRPF non supere unha cantidade establecida na convocatoria (a última foi de 45.000 €). No suposto de que esta contía for superior, establécese unha cantidade en función da renda per cápita (a última estableceuse en 13.500 €).

Referencia lexislativa:

- Publícase todos os anos no DOG.

LIGAZÓN WEB

Axuda á conciliación da vida familiar para traballadores con redución de xornada laboral

Ámbito autonómico

Axuda económica que se concede, mediante **convocatoria pública anual**, no caso de redución da xornada de traballo para coidar dunha filla ou fillo menor de 3 anos ou de 12 anos se padece unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

Beneficiarios:

- Os homes que se acollan á redución de xornada
- Nas familias monoparentais, a persoa solicitante pode ser home ou muller.

Requisitos:

- Estar inscritos no padrón de calquera dos municipios galegos, polo menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención.
- No caso das familias non monoparentais, o cónxuxe ou parella deberá ser traballadora por conta allea ou ben autónoma e manter esa situación durante todo o período subvencionado. Entenderase cumprido este requisito cando, habendo períodos non traballados, a suma destes non supere o 5 % do período subvencionado.
- **Ter uns ingresos non superiores a 5,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)**
- Convivir coa filla ou fillo durante o período subvencionado.
- Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade nin calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.

A contía da axuda concederase a través dun **pagamento único** en función da porcentaxe de redución de xornada laboral gozada, da duración desta e do número de fillas ou fillos a cargo da persoa solicitante:

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Prestación económica por fillas e fillos menores de 3 anos

Ámbito autonómico.

Establécese nunha orde anual.

Requisitos:

- Ter fillas ou fillos menores de 3 anos que convivan coa persoa solicitante. No caso de adopción ou acollemento, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data de resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- Residir en Galicia.
- Non ter a obriga de presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, por razón de ingresos, e que non a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a facelo.

É unha axuda económica de pagamento único. A contía será a seguinte:

- **Primeira filla ou fillo: 360 euros**
- **Segunda filla ou fillo: 1.200 euros**
- **Terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros**

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

Cheque infantil

Ámbito autonómico

Axuda económica mensual para contribuír ao pagamento do importe da praza nunha escola infantil para nenos e nenas de ata tres anos de idade e non sostida con fondos públicos, por un período máximo de once meses.

Beneficiarios: as familias residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos:

- Non obter praza ou estar en listaxe de espera en escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos.
- Ter solicitada praza en escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos exercendo a opción do programa Bono Concilia e cando, tendo dereito por puntuación a unha praza, o horario demandado non coincida co de apertura da escola infantil, porque ambos os proxenitores traballan en quenda de tarde ou en quendas rotativas, circunstancia que se acreditará documentalmente.
- Residir en concellos onde non existan escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos.
- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas ou entes privados que, en concorrencia coa regulada nesta orde, supere o custo da praza.
- Escolarizar o neno ou a nena nunha escola infantil 0-3 non sostida con fondos públicos que conte coa autorización pertinente.
- A contía da axuda establécese nunha convocatoria anual e está en función da renda per cápita da unidade familiar

LIGAZÓN COA NORMATIVA VIXENTE

SE ES FUNCIONARIA DE CARREIRA OU EN PRÁCTICAS

SE ES DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INTERINA, SUBSTITUTA)

SE ESTABAS EN SITUACIÓN DE IT:

Solicitar a alta ao teu médico ou médica con data do día do parto (en caso de funcionarias de carreira, levar impreso o parte da páxina web de MUFACE, [preme aquí](#)).

Solicitar o parte/certificado de maternidade ao teu médico/a (en caso de funcionarias de carreira, levar impreso o parte da páxina web de MUFACE, [preme aquí](#)).

Poñerte en contacto co centro para facilitar o trámite da continuación do substituto/a.

Rexistrar o/a bebé no Rexistro Civil e solicitar Libro de Familia (en caso de matrimonios). Dende este ano xa se pode facer este trámite dende o hospital, cubrindo a correspondente folla que che facilitan no centro hospitalario.

Solicitar o permiso de maternidade cubrindo o ANEXO IV da Orde de permisos e licenzas; entregalo, xunto co certificado de maternidade ou libro de familia, por rexistro dirixido á unidade de persoal da provincia onde prestas servizos. [\(preme aquí\)](#)

Ir á dirección provincial de MUFACE da provincia onde prestas servizos para:

- solicitar a prestación de maternidade**, levando o parte de maternidade cuberto polo médico.
- Incluír, se así o decides, a/o bebé como beneficiario/a das prestacións de mutualista en MUFACE**

Acudir ao centro de Atención e Información do INSS máis próximo para solicitar a prestación por maternidade (leva o documento xa cuberto e acompañado de DNI, certificado de maternidade e libro de familia se o houber) [Preme aquí](#)